



A Como ven sendo habitual, un ano máis renovouse o convenio entre a Asociación e o Concello do Barco co obxecto de subvencionar por parte desta Entidade Local o programa "**INTEGRACION SOCIAL DE PERSOAS CON TRASTORNO MENTAL PERSISTENTE E AS SUAS FAMILIAS**".

Este programa céntrase en acadar os seguintes OBXECTIVOS:

- Que as persoas con trastorno mental acaden o maior nivel posible de integración e participación na comunidade.
- Que aumente a súa autoestima, como un factor clave para poder relacionarse con demais.
- Que consigan mellorar a súa autonomía, tanto na toma de decisións como na xestión da súa vida cotiá.
- Que as familias reciban información, asesoramento e apoio de cara ó manexo da convivencia e a mellora da súa implicación social.

Dende A.F.E.M. MOREA queremos expresar o noso agradecemento ó Concello que, ano tras ano, mostra a súa implicación co noso colectivo a través do financiamento e participando nas nosas actividades de forma activa. Moitas grazas.

Para poder colaborar con MOREA,
escribenos a **ourense@morea.org**
o ☎ llama al ☎ **988 23 74 54**